

Artigo 2. *Tramitación das propostas de pagamento.*

Unha vez notificados e firmes os autos que, en fase de execución de sentenza, sexan dictados pola Sala do Penal da Audiencia Nacional, o avogado do Estado comunicarallos á Oficina de Xestión de Prestacións Económicas e Sociais da Síndrome Tóxica.

Para que se poida efectuar o pagamento da forma máis inmediata posible, os interesados deberán ter achegado os datos precisos para realizar a transferencia bancaria ou, noutro caso, ter indicado a forma alternativa de pagamento elixida dentro das previstas na normativa vixente.

Esa oficina elaborará as relacións de perceptores afectados, que incluírán os datos necesarios para a realización do pagamento a cada un deles. O subdirector xeral da oficina efectuará, de acordo cos procedementos de xestión aplicables e logo da oportuna fiscalización, as correspondentes propostas de pagamento que, xunto coas indicadas relacións, se remitirán á Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira para o seu pagamento ós interesados.

Artigo 3. *Efectos da notificación do dereito de cobramento.*

A expedición e notificación conforme a lei do dereito de cobramento terá plenos efectos liberatorios para a Administración xeral do Estado. O dito dereito de cobramento quedará consignado na propia Dirección Xeral do Tesouro e Política Financeira, e empezará a contar desde ese momento o prazo de prescrición xeral establecido no artigo 46.1.b) da Lei xeral orzamentaria.

Artigo 4. *Información ás Cortes Xerais.*

Mensualmente, darase información ás Cortes Xerais dos pagamentos realizados por este concepto.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de febreiro de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno en funcións,

FRANCISCO ÁLVAREZ-CASCOS FERNÁNDEZ

6370 LEI 5/1999, do 16 de marzo, para a concesión dun crédito extraordinario, por importe de 150.803.739 pesetas, para dar cumprimento á sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, relativa ó pagamento de indemnizacións derivadas de inundacións ocorridas na provincia de Cáceres. («BOE» 65, do 17-3-1999.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Como consecuencia das inundacións producidas na provincia de Cáceres, por acordo do Consello de Ministros do 20 de febreiro de 1979 recoñecéronselles determinados beneficios ós afectados por estas inundacións. A empresa «Conservas del Alagón, Sociedad Anónima» —CONALSA—, solicitou o recoñecemento da correspondente subvención ó sufrir danos no seu patrimonio empresarial como consecuencia das mencionadas inundacións.

Esta pretensión foi desestimada polo ministro do Interior, desestimación pola súa vez confirmada pola sentenza, do 20 de outubro de 1990, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional. Contra esta sentenza interpuxo recurso de apelación a parte demandante.

A sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, recoñeceu á empresa CONALSA, en resolución do anterior recurso, o dereito a percibir as subvencións recoñecidas no acordo do Consello de Ministros do 20 de febreiro de 1979, na contía que se determine en execución de sentenza.

Por iso, dado que non existe crédito suficiente nos orzamentos xerais do Estado para 1998 para facer fronte ó pagamento destas indemnizacións, resulta necesario conceder un crédito extraordinario na Sección 16 «Ministerio do Interior» para proceder ó cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, crédito que se concede co carácter de ampliable, co fin de atender o pagamento de xuros que, se é o caso, puidesen producirse sobre os xa calculados.

O crédito extraordinario tramítase de acordo co Consello de Estado e logo de informe da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario por importe de 150.803.739 pesetas para atender o cumprimento da sentenza do Tribunal Supremo, do 23 de maio de 1995, na Sección 16 «Ministerio do Interior», Servicio 01 «Ministerio, Subsecretaría e Servicios Xerais», Programa 223 A «Protección Civil», concepto 771 «Transferencias de capital a empresas privadas. Para dar cumprimento á sentenza da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 23 de maio de 1995 sobre indemnizacións á empresa CONALSA».

Artigo 2. *Autorización para amplia-lo crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior consígnase con carácter de ampliable coa finalidade de atender os xuros que se produzan, en exceso sobre os xa calculados, como consecuencia do momento en que se efectúe o pagamento.

A autorización das ampliacións de crédito corresponderalle ó ministro de Economía e Facenda.

Artigo 3. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario recollido no artigo 1 financiarase con débeda pública, de conformidade co disposto no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de marzo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

6371 *LEI 6/1999, do 16 de marzo, sobre concesión dun crédito extraordinario, por importe de 196.505.344 pesetas, para o pagamento de indemnizacións establecidas na sentenza firme, dictada no recurso contencioso-administrativo número 5/234/1996, a favor de médicos especialistas en estomatoloxía. («BOE» 65, do 17-3-1999.)*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A formación de médicos especialistas en España vén regulada polo Real decreto 127/1984, do 11 de xaneiro. Nesta norma propóñense dous sistemas para levar a cabo a formación de especialistas no noso país, como residentes en centros sanitarios e como alumnos en escolas universitarias. A formación de estomatólogos en España realízase conforme este segundo sistema.

Do mesmo xeito, a Directiva 93/16, que integra as Directivas 75/362, 75/363 e 82/76, recolle a normativa europea nesta materia.

A Directiva 75/362, sobre recoñecemento mutuo de diplomas, certificados e outros títulos e outras medidas, distingue tres supostos distintos en que poden encontrarse as especialidades médicas:

1. Que sexan comúns a tódolos estados membros e que se inclúan na lista que se contén no artigo 5.2 da propia directiva.

2. Que sexan comúns a dous ou máis estados membros e se mencionen no artigo 7.2 da directiva.

3. Que se trate de especialidades non incluídas nos artigos 5 e 7, xa citados, da directiva.

A Directiva 75/363, chamada «de coordinación», prevé unha harmonización das condicións de formación e acceso ás diferentes especialidades médicas e sinala no seu artigo 2.1.c) que a formación debe realizarse «a tempo completo e baixo o control das autoridades e organismos competentes de conformidade co punto 1 do anexo», no que se establece que esta formación será obxecto dunha remuneración adecuada.

Segundo o anterior e á vista das convocatorias realizadas pola Administración española, o Tribunal de Xustiza das Comunidades conclúe que a obriga de remuneración á formación prevista no artigo 2.1.c) da Directiva 75/363 só se aplica ás especialidades médicas comúns a tódolos estados membros ou a dous ou máis, mencionadas nos artigos 5 e 7 da Directiva 75/362, considerando a especialidade de estomatoloxía como incluída entre as do artigo 7 da directiva, polo que en España se incumpriron estas directivas ó non se remuneraren os médicos estomatólogos polo período de formación.

A sentenza do 1 de xullo de 1997, dictada pola Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, no recurso interposto por Roberto Javier Torres Muñoz e 111 máis, sobre remuneración dos médicos estomatólogos durante a realización do Programa de Formación Sanitaria Especializada e sobre o pagamento das taxas académicas declara, con fundamento nas normas xa referidas, o dereito dos recorrentes a seren remunerados durante o período de formación e a exención do pagamento de taxas académicas, co aboamento das cantidades correspondentes actualizadas desde a data en que deberon ser pagadas ata a data da sentenza, mediante a aplicación do índice de prezos ó consumo.

Coa finalidade de dotar crédito para que se proceda á execución da sentenza, tramítase o presente crédito extraordinario, de acordo co Consello de Estado, logo do informe favorable da Dirección Xeral de Orzamentos.

Artigo 1. *Concesión do crédito extraordinario.*

Concédesse un crédito extraordinario, por importe de 196.505.344 pesetas, á Sección 26 «Ministerio de Sanidade e Consumo», Servicio 01 «Ministerio e Subsecretaría», Programa 411A «Dirección e Servicios Xerais de Sanidade», capítulo 1 «Gastos de persoal», artigo 14 «Outro persoal», concepto 144 «Retribucións a médicos especialistas en estomatoloxía, conforme o establecido na sentenza firme dictada no recurso contencioso-administrativo número 5/234/1996».

Artigo 2. *Financiamento do crédito extraordinario.*

O crédito extraordinario a que se refire o artigo anterior financiarase con débeda pública, de acordo co establecido no artigo 101 do texto refundido da Lei xeral orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 1091/1988, do 23 de setembro.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,

Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 16 de marzo de 1999.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ